

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2023 pola que se dá publicidade á adhesión dunha entidade financeira ao convenio para a habilitación dun marco de apoio ao acceso ao financiamento das pequenas e medianas empresas, subscrito coas sociedades de garantía recíproca (Financiamento Igape-pemes) (código de procedemento IG535A).*

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, na súa xuntanza do día 28 de marzo de 2023, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca (SGR) e as entidades de crédito adheridas (Financiamento Igape-pemes). As ditas bases foron publicadas mediante a Resolución do 9 de maio de 2023 (DOG núm. 90, do 11 de maio de 2023).

Xunto co texto das devanditas bases publicouse a relación das entidades financeiras que se adheriron ao convenio.

Posteriormente, o 12 de xullo de 2023, adhírese a entidade financeira Banco Santander, S.A., polo que cómpre facelo público.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Único. Engadir a entidade financeira Banco Santander, S.A. á relación de entidades financeiras adheridas ao convenio para a habilitación dun marco de apoio ao acceso ao financiamento das pequenas e medianas empresas, subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as sociedades de garantía recíproca (Financiamento Igape-pemes).

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2023

Covadonga Toca Carús  
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

